



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2024/G003/001111

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. APERTURA
PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN (EXPDTE. 2024/C005/000004)

EXPEDIENTE: 2024/G003/001111

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Expediente de contratación por procedemento aberto, art. 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), tramitación urxente, do contrato de SUBMINISTRACIÓN: “**ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO CON DISTINTIVO AMBIENTAL “ECO” PARA SERVICIO DA POLICIA LOCAL DESTINADO A ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE**” (Expdte. 2024/C005/000004).

Vista a Memoria xustificativa do contrato, os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas, que deben rexer a contratación, o certificado de existencia de crédito e evacuados os informes de Secretaría e de fiscalización previa da Intervención, como obran no expediente.

Visto o disposto nos arts. 16, 116, 117, 119, 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP).

No uso das atribucións conferidas pola disposición adicional segunda, apartado 1º da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), **RESOLVO:**

1º.- Non dividir en lotes o investimento obxecto deste contrato polos motivos que se sinalan no apartado 5 da Memoria xustificativa do contrato.

2º.- Declarar a urxencia na tramitación deste expediente, cuxa adxudicación é preciso acelerar polas razóns de interese público que se sinalan no apartado 7 da Memoria xustificativa deste contrato.

3º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer a contratación por procedemento aberto, tramitación urxente, da subministración: “**ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO CON DISTINTIVO AMBIENTAL “ECO” PARA SERVICIO DA POLICIA LOCAL DESTINADO A ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE**”.

4º.- Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gasto con cargo á partida 132.624.00 do vixente orzamento municipal, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento aberto, tramitación urxente do contrato de subministración: “**ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO CON DISTINTIVO AMBIENTAL “ECO” PARA SERVICIO DA POLICIA LOCAL DESTINADO A ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE**”, por importe de **40.000,00 € (33.057,85 € prezo + 6.942,15 € iva)**.

En Ordes, 01-08-2024

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario
Juan Luis González Iglesias